

Federación do Gremio de Editores de España
Asociación Galega de Editores

Homenaxe á edición histórica en Galicia (1950-2004)

V Congreso de Editores de España
Santiago de Compostela
13.15 de maio de 2004

Despois da guerra civil, a edición en lingua galega viviu momentos moi difíciles. Durante a Segunda República, Anxel Casal (1895-1936) dirixía en Compostela a Editorial Nós, iniciativa sobranceira do libro galego nese período, onde publican os grandes autores e intelectuais do galeguismo. Mais a súa actividade ficou truncada coa contenda e o asasinato do seu principal animador.

A resistencia cultural organízase no exilio. Da man de Castelao e Luis Seoane principalmente, financiadas polas institucións emigrantes e a iniciativa privada, xorden daquela as primeiras editoriais na resistencia, entre elas algunhas tan prestixiosas e de longo percorrido posterior como Editorial Losada e Editorial MC, nas que aparecen coleccións como Hórreo e Lar, e outras iniciativas como Citanía (1957), Follas Novas (1957), etc. Ata os anos 60 e 70, algúns dos grandes títulos da literatura galega contemporánea, publícanse e distribúense dende o exilio: *Sempre en Galiza* de Castelao (1945), *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor (1959) ou *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas (1961), por citar algúns exemplos.

Hai que agardar a 1949 e 1950 para que, coa aparición da Editorial Galaxia sobre todo, e posteriormente coas Edicións do Castro (1963) aparezan novas canles para o libro en lingua galega. Na precariedade e nas dificultades dun tempo certamente difícil, coconstitúen ambas as dúas os símbolos máis patentes do novo rexurdimento, á par de proxectos hoxe extinguidos, como Edicións Monterrei (1950) ou Castrelos (1963), e nomes non menos sobranceiros coma os irmáns Álvarez Blázquez, e os promotores da primeira e breve experiencia, a colección Benito Soto, en 1949.

Na figura das tres personalidades que homenaxeamos celebramos, asemade, a vitalidade dunha cultura que, en circunstancias adversas, logrou reconstruír o seu discurso, a súa dignidade, a palabra dos seus, o espírito de democracia e liberdade que arestora nos acolle e disfrutamos.

1.

Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913) licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, logo de estudar uns anos en Madrid. Pertence ao grupo de ensaístas da denominada Xeración do 36, xunto con García Sabell, Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega, Rof Carballo, etc., tamén chamado Grupo Galaxia, intelectuais formados nas ensinanzas do Grupo Nós e do Seminario de Estudos Galegos. Membro do Partido Galeguista durante a Segunda República, codirixiu en 1949-50, con Xaime Isla Couto, o Suplemento Literario do xornal "La Noche", primeira iniciativa da cultura galega no interior durante o franquismo e xermolo, en parte, do que axiña sería a Editorial Galaxia (1950), da que foi fundador e principal animador. Da súa man xurdiron algunhas das grandes iniciativas da edición en lingua galega durante a postguerra: a colección Illa Nova, a colección Salnés, a revista Grial, etc.

A súa obra ten unha dobre significación: como xerente e animador editorial por unha banda e como ensaísta e xornalista por outra. *Índice cultural e artístico do renacemento galego* (1933), *Cos ollos do noso espírito* (1949), *Galicia no espello* (1954), *Escolma de poesía galega: os contemporáneos* (1955), Manuel de historia da literatura galega (1971), *Poesía galega: do dezanove aos continuadores* (1976), *Antolín Faraldo: un precursor* (1978), *Poesía galega: do posmodernismo aos novos* (1980), *Anxel Casal e o libro galego* (1983), *Escritores de Portugal e do Brasil* (1984), *Diccionario de escritores en lingua galega* (1990), etc., son algúns títulos da súa amplísima obra. As súas memorias están recolleitas en dous

volumes: *O río do tempo* (1991) e *Camiño andado* (2003). Entre 1997 e 2001 foi presidente da Real Academia Galega.

2

Xaime Isla Couto (Santiago de Compostela, 1916). Avogado e economista. Na actualidade é presidente do Consello de Administración da Editorial Galaxia, da que foi fundador en 1950, xunto con Francisco Fernández del Riego, e baixo a dirección literaria de Ramón Piñeiro. Formado nas Mocidades do Partido Galeguista e no Seminario de Estudos Galegos, participou activamente na resistencia e no rexurdimento da edición e o pensamento galeguista durante o franquismo. A súa preocupación intelectual dirixiuse, dende moi cedo, cara á economía e a empresa, na procura dun discurso galego autónomo nesta disciplina, conectado coas máis novas correntes europeas.

Fundador e animador da Editorial Sept (1965), xunto coa citada Editoria I Galaxia, participou nos cadernos Grial e dirixiu entre 1958 e 1968, a Revista de Economía de Galicia, publicación pioneira e senlleira entre as peninsulares do seu xénero. É autor de traballos importantes neste ámbito, como *Alguns caracteres da economía galega actual* (1952), *Los problemas financieros del desarrollo regional* (1964), etc. Durante a transición democrática impulsou a creación dunha alternativa democrata-cristiana no galeguismo. Tamén dirixiu a Revista de Estudios Agrarios. Na actualidade, xunto con Fernández del Riego, ostenta a director de honra da revista Grial.

3

Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920). Empresario, intelectual e artista. A súa actividade como creador polifacético é unha das máis singulares e interesantes que ten producido a Galicia nos últimos tempos. Realizou estudos de Belas Artes en Madrid e foi profesor na Escola San Jordi de Barcelona, ata que en 1948 abandona profesionalmente a pintura e centra o seu labor no mundo empresarial. En 1955 entra en contacto co grupo republicano que en Bos Aires estaban a poñer as bases da resistencia cultural no exilio: Luis Seoane o principal de todos eles. Alí xorde o proxecto do Laboratorio de Formas de Galicia e a experiencia do grupo Sargadelos, ao que adicou a súa vida, coa idea de manter co espírito do Seminario de Estudos Galegos, disolto durante a guerra civil.

En 1963, no marco dese ambicioso proxecto, nace Edicións do Castro. Nos seus obradoiros, dende entón, promóvense iniciativas de todo tipo a prol da cultura galega, cunha preocupación multidisciplinar que atinxe tanto a creación como as novas formas do coñecemento, a recuperación da memoria histórica e a promoción das novas xeracións de autores. Xunto coa Editorial Galaxia, Edicións do Castro pon as bases do novo rexurdimento do libro galego.

Ademais da súa actividade como empresario, pintor, debuxante, deseñador e ceramista, Díaz Pardo é autor de numerosos escritos, recolleitos en libros e xornais. En 1957 publica *Midas e O ángulo de pedra*, principio dunha importante serie de traballos sobre arte, cultura e pensamento. Director da colección Documentos para a historia contemporánea de Galicia, en *Galicia hoy y el resto del mundo* (1990) reuniu algunhas das súas ideas sobre a Galicia contemporánea e a proxección da cultura galega cara ao futuro.